

Resolución do 22 de febreiro de 2022 do tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro) pola que se lle da publicidade a diversos acordos

Na sesión que tivo lugar o día 22 de febreiro de 2022, o tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas á resolución do 13 de febreiro de 2022 pola que se facían públicas as cualificacións provisionais do terceiro exercicio da proceso selectivo.

SEGUNDO. Publicar, como Anexo I a esta Resolución, a listaxe definitiva de persoas aspirantes pola quenda de acceso libre que resultaron aptas no terceiro exercicio, probas de aptitude física, seguindo un criterio alfabético.

Publicar como Anexo II as cualificacións e tempos definitivos realizados por todas as persoas aspirantes da quenda de acceso libre que realizaron o terceiro exercicio.

TERCEIRO. Tal e como establece a base 8.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo Tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Ley 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 22 de febreiro de 2022

A Presidenta do Tribunal

María Ramos Canosa

